




# Benestar animal (II): como medilo?



Esterotipia: a vaca saca a lingua de forma repetitiva ata os ollares... Ata parece sorprendida por ter unha lingua tan grande!

Nesta segunda entrega dedicada ao benestar das nosas vacas poño a mirada na importancia de medir o devandito benestar, porque, tal e como dixo William Thomson, “cando se pode medir e expresar con números aquilo sobre o cal se está a falar, sábese algo do tema; pero cando non se pode medir, é dicir, cando non é posible expresalo con números, o coñecemento é insuficiente”.

**Antón Camarero**  
Veterinario de Adial

**O**la de novo a todos! Nesta entrada seguimos co tema do benestar animal. Coa cita de arriba introdúzovos o tema de hoxe: como medir o benestar animal? A resposta está na ciencia. Pero primeiro téñovos que advertir que medilo é un proceso complexo e cómpre combinar diferentes indicadores: de saúde, produtivos e de comportamento.

Cando un inspector veterinario fai unha auditoría nunha explotación para medir o benestar animal comproba se cumpre determinados “puntos críticos”. Un exemplo: valorar a calidade da ventilación do aire que ten a explotación. Para iso, encárgase de facer varias medicións das concentracións de CO<sub>2</sub>, NH<sub>3</sub>...

Outros valores que miden o benestar animal son os niveis das hormonas do estrés no sangue das vacas (as catecolaminas), a subida do cortisol en saliva ou a concentración de glicosa en sangue (que diminúe ante unha situación de estrés). Ademais, os inspectores calibran a incidencia de enfermidades, como as coxeiras.

Tamén valoran a presenza de... esterotipias. E iso que é? pois chámanse así aos movementos repetitivos que lles provoca o estrés aos animais.

Na anterior entrada (1) expliqueivos que boas producións nun establo indican bo nivel de benestar animal. Sabedes que en establos con sobrepoboación de vacas se se retiran animais as vacas que quedan dan máis leite? Isto ocorre porque se elimina o estrés de convivir amorreadas. Por iso, o resultado final é que a produción total na explotación non se altera.

Coa puntuación obtida nos diferentes apartados, a explotación obtén unha cualificación global. Hai que ter en conta que algúns dos puntos son de obrigado cumprimento, xa que se consideran determinantes para saber se hai ou non benestar animal.

Como premio por obter a certificación de benestar animal, o gandeiro poderá acceder a subvencións (se a auditoría a realiza a Administración) ou a obter un valor plus para o leite así producido (no caso de que a auditoría a faga unha central leiteira). Tamén hai consecuencias se non se cumpren uns mínimos (o gandeiro é sancionado administrativamente).

A Lei de benestar animal non só regula o sistema de produción, senón tamén o transporte de animais “para vida” (animais destinados a recría ou reposición) e o dos animais que se transportan ao matadouro. Os camiións que os transportan deben cumprir unhas paradas obrigatorias para o descanso dos animais. Tamén deberán mantelos en condicións hixiénicas satisfactorias, dispor dunha superficie mínima por animal no camiión e, se a viaxe é longa, fornecerlles suficiente bebida e comida.

Ademais, para evitar o sufrimento innecesario contrólense as condicións do antes e durante o sacrificio. Nun animal san e descansado, o nivel de glicóxeno dos seus músculos é alto. Unha vez sacrificado o animal, o glicóxeno convértese en ácido láctico e o músculo e o canal vólvense ríxidos (*rigor mortis*). Este ácido láctico é necesario para producir carne tenra, de bo sabor, calidade e cor.

Pero que ocorre se o animal está tenso antes e/ou durante o sacrificio? Pois que se consome todo o glicóxeno e redúcese o nivel de ácido láctico que se desenvolve despois na carne. Isto pode ter efectos adversos na súa calidade. Aquí volvemos ao mesmo: a máis benestar, máis e mellor produción. Se minimizamos o sufrimento, melloramos a calidade da carne e a consecuencia é unha carne máis tenra nos animais con menos estrés.

Por último, é importante informarnos que a Lei de benestar animal non só se lles aplica aos domésticos, senón tamén aos peixes de cultivos mariños e aos animais de investigación usados no laboratorio. ■

## REFERENCIA BIBLIOGRÁFICA

(1) “Benestar animal (I)”, *Vaca Pinta* 47, páxs. 58-59, agosto de 2024  
<https://vacapinta.com/gl/articulos/cronicas-vaqueras/bienestar-animal-i.html>

## NOTA DO AUTOR

Quero agradecerlle especialmente ao meu amigo e colega José Luis Míguez a cesión de moitas das fotos que acompañan e ilustran as miñas entradas.



## SEMINARIO

# EFICIENCIA e SOSTIBILIDADE en Vacún de Leite

Salón de actos do CIAM, Mabegondo | 27 de novembro de 2024

9:30 h

**Rexistro e recollida da documentación**

10:00 h

**Presentación do seminario**

**Martín Alemparte Vidal**

*Director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria*



10:10 h

**O sector lácteo en Galicia: Pasado, presente e futuro**

**Juan José Cerviño**

*Director Xeral da PAC e do Control da Cadea Alimentaria*



11:00 h

**Tendencias mundiais e o mercado lácteo español**

**Andrea Lendewig**

*Directora de investigación e desarrollo de IFCN*



12:00 h

**Pausa café**

12:30 h

**Eficiencia técnica e económica das granxas EDF en España e Europa**

**Steffi Wille-Sonk**

*Investigadora EDF - Asociación Gandeiros de Europa*



13:30 h

**Convertir amenazas en oportunidades, cómo sacar proveito da sostenibilidade**

**John Allen**

*BSc, FRAGS, FIAGR | MD, AB Dairy Global, Kite Consulting*



14:30 h

**Comida**

15:30 h

**Eficiencia en nutrición especialmente en periodo de transición**

**Tom Davis**

*Nutricionista principal e cofundador da consultora KITE*



16:30 h

**2 formas innovadoras de mellorar a eficiencia e o rendemento en vacas e xovencas**

**Ben Helm**

*Global Commercial Director - AB Dairy*



17:30 h

**Pausa café**

18:00 h

**Opcións dispoñibles de mellorar eficiencia e sostenibilidade na granxa**

**Jan Bakker**

*Consultor internacional de nutrición en Duyne (Coop. Royal Cosum)*



19:00 h

**Mesa redonda: Resumo da xornada e ideas para levar**

**Inscripcións en:**

<https://foagro.xunta.gal/foagro/inscripcion/publica/accionesFormativas>

**Código do seminario: TT2024F115015**

*O seminario está destinado a gandeiros e persoal técnico da industria transformadora de leite.*

Colabora:



Pablo Carro  
647 599 782  
pablocarro@animalvit.com



**XUNTA  
DE GALICIA**

**CONSELLERÍA  
DO MEDIO  
RURAL**



**Cofinanciado pola  
Unión Europea**



**GOBIERNO  
DE ESPAÑA  
MINISTERIO  
DE AGRICULTURA, PESCA  
Y ALIMENTACIÓN**